

ESTREA EN NUMAX: 15.08.2017 | V.O.S.E. | +14

Spellbound (1945, 111')

Dirección: Alfred Hitchcock

Guión: Ben Hecht (Novela: Francis Beeding)

Elenco: Ingrid Bergman, Gregory Peck, Michael Chekhov, Leo G. Carroll, Rhonda Fleming, John Emery, Norman Lloyd

Son: Richard DeWeese, Arthur Johns

Fotografía: George Barnes

Dirección de arte: John Ewing, Emile Kuri, Salvador Dalí

Vestuario: Howard Greer, Ann Peck

Produtoras: Selznick International Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1946 (mellor banda sonora — Miklós Rózsa—), nomeada a mellor filme, mellor dirección, mellor fotografía —Georges Barnes—, mellores efectos especiais —Jack Cosgrove—, mellor actor de reparto —Michael Chekhov—, Venecia 1957 (nomeado a mellor filme), New York Film Critics Circle (mellor actriz —Ingrid Bergman—)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Frenesí, 1972

Los pájaros, 1963

Psicosis, 1960

Con la muerte en los talones, 1959

Vértigo, 1958

Rebeca, 1940

SINOPSE

No centro psiquiátrico onde traballa a psicanalista Constance Petersen, o Dr. Murchison anuncia a súa retirada da dirección, en cuxo lugar chega o eminente Dr. Anthony Edwardes, a quen Constance admira aínda que non o coñece. O mesmo día o novo director é presentado ante os directivos, a psicanalista comezará a observar signos dun oculto trauma no novo personaxe que tamén sofre dunha grave amnesia.

«Un filme cativador, ben realizado e cos suficientes acertos como para gozar del plenamente»

CINE Y CINE



Dalí vs. Selznick

En 1945 Hitchcock tivo que explicarlle unha das regras non escritas de Hollywood a Salvador Dalí: «Non, vostede non pode verter formigas vivas sobre Ingrid Bergman!» Hitchcock achegárase a Dalí na busca de axuda cunha secuencia onírica de *Recorda*, protagonizada por Bergman e Gregory Peck. O resultado foi unha das secuencias máis lembradas do cinema e vangarda para a súa época. Pero non todo foi cor de rosas e a secuencia que orixinalmente ía ocupar uns 20 minutos foi reducida, se ben a súa maxia perdura na montaxe final. Dúas mentes enormes ao servizo do cinema, nada podía fallar.

Tras rematar as filmación de *Náufragos* (1944), Hitchcock centrou toda a súa atención no seu seguinte proxecto. Consciente do desexo de David O. Selznick de realizar un filme que falara das posibilidades curativas da psicoterapia, Hitchcock estivo a buscar unha novela que servira para cumprir este obxectivo. O libro escollida sería *La casa del Dr. Edwardes*, escrita por John Leslie Palmer e Hilary Aidan St. Georges Saunders, baixo o pseudónimo de Francis Beeding, e cuxo contido era un sorprendente relato de bruxería, cultos satánicos, psicopatoloxía, asasinato e confusión de identidades, ambientado nun asilo suízo. Finalmente Selznick

decidiu mercar os dereitos e encargoulle a produción da fita ao guionista Ben Hetch. A colaboración entre Hitchcock e Hetch foi bastante frutífera, especialmente pola fascinación de ambos cara aos recantos máis escuros da mente humana. Mentres Hecht se preocupaba de ir fiando unha trama coherente, Hitchcock achegaba os xiros argumentais que se apoiaban naqueles feitos cotiás que podían converterse en pequenos traumas.

Pero a escena clave no que á psicanálise se refire, sería a famosa secuencia do soño do personaxe de Peck. Hitchcock e Hecht apañáronse para convencer a Selznick de que contratase a Salvador Dalí para que realizara unha serie de pinturas cuxas imaxes serían empregadas para retratar o inconsciente do protagonista. «Quería transmitir o soño con gran nitidez e claridade visual, máis agudo que o filme en si», lembrou Hitchcock na súa entrevista de 1962 con François Truffaut. «Quería a Dalí debido á nitidez da súa obra arquitectónica. Chirico ten a mesma calidade, xa sabes, as longas sombras, o infinito da distancia e as liñas converxentes da perspectiva». Mais as estrañas ideas surrealistas de Dalí, algunhas das cales derivaron en *Un perro andaluz* (1929) ou *La edad de oro* (1930) con Luis Buñuel, chegaron a extremos desmesurados sobrepasando o agardado polo produtor e mesmo o director.

David O. Selznick era un produtor de elite e como tal tiña o poder de darlle á tesoir. Con *Recorda* recortou sen ningún tipo de pudor. Mas aló de que Alfred tamén recoñeceu que a escena deseñada

por Dalí era excesivamente longa e incomprendible, a montaxe final quedou reducido a non máis de dous minutos. O material sobrante foi declarado perdido, incluíndo unha escena nun salón de baile con pianos pendurados do teito e estatuas que finxían bailar. Nela tamén se podía ver a Gregory Peck a bailar cunha Ingrid Bergman que termina por se converter nunha estatua de xeso. E os recortes non ficaron aí, tras a primeira función privada do filme, que tivo lugar o 27 de setembro de 1944, Selznick eliminou unha serie de escenas que mostraban diversos tratamentos de trastornos mentais e unha vez completado o proceso de gravación de son o produtor aínda se implicou na edición final, recortando 14 minutos máis sobre o total do filme.

Alén de todas as idas e voltas o filme foi un éxito, sendo nomeado a mellor filme nos Oscar. E o resultado final, máis aló de todo o que se perdeu no camiño, é o dun filme de obrigado visionado na filmografía de Alfred Hitchcock. Non só pola secuencia onírica realizada por Dalí, senón pola inmensa fábula que se atopa por detrás.

Publicado en: el-cinefilo-blog.blogspot.com.es/
Tradución: Xan Gómez Vías

NA LIBRARÍA NUMAX

***El cine según Hitchcock*, François Truffaut.**

Alianza, 2015

***Alfred Hitchcock*, José Luis Castro de Paz.**

Cátedra, 2012

***Hitchcock por Hitchcock*, Alfred Hitchcock.**

El cuenco de plata, 2016

Hitchcock-Truffaut: edición definitiva.

Akal, 1991

Pack Hitchcock vol. 1 & 2. Universal [BluRay]

Colección Alfred Hitchcock. Warner [DVD]

Alfred Hitchcock presenta. Temporadas 1, 2 e 3.

Universal [DVD]

Hitchcock Truffaut, Kent Jones. Karma [DVD]

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

A BÓ NA TE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX